

PROPOSTA DE ACTIVIDADES

• PREPAR PALABRA PRIMAVERA CON MATERIAL DE CASA

Esta proposta consiste en que formedes a palabra **PRIMAVERA** empregando diferentes elementos que teñades por casa para cada letra (macarróns, ceras, tapóns, fariña, noces, selos, escarvadentes, pinzas do peb...). Aquí, coma sempre, entra en xogo a imaxinación e creatividade de cada quen. Se vos axudades entre vós, para faceb en familia, aínda será máis divertido, obtendo así un proceso e un resultado moito mellor, pois cando traballamos en cooperativo as aprendizaxes son máis significativas.

Nós, as mestras de Infantil tamén nos animamos a faceb. Deixámosvos aquí as imaxes das palabras que fixemos:


FINA:



IRIA:



TERI:



• CANCIÓN DA PRIMAVERA: “LA CANCIÓN DE LA SEMILLA”

Podedes practicar a dramatización e aprender esta canción relacionada estreitamente coa chegada da primavera. Deixámosvos un vídeo no que Fina vola presenta. Para vela, deberedes **descargar** o vídeo **“LA CANCIÓN DE LA SEMILLA”** que vai adxunto con este documento.

A nosa proposta é que vos animades a aprendela, e así podedes mandarnos un audio de como a cantades ou un vídeo dramatizándoa e cantándoa como fixo Fina. Animádevos!!! Será moi divertido!!!

• CÁPSULA DO TEMPO

Estamos a vivir un momento histórico, diferente, complicado, no que a unión fará a forza. Un momento que quedará nas nosas mentes gravado para sempre. Por isto propoñovos crear unha cápsula do tempo na que poder deixar para o recordo (ou gardar para o esquecemento) as emocións, sentimentos, medos e preguntas que nos veñen á cabeza nestes días; o que botamos en falta, o que desexamos, o que nos gustaría que pasara, unha pedriña da sorte que atopas ao pé da casa estes días, un obxecto que vos acompaña, un debuxo, unha foto... Todo o que queirades gardar nela. Todo serve, porque a cápsula do tempo será só para vós,!

É moi doada de facer. Só tedes que:

- Decorar unha caixa, un bote, un rolo de cartón,... (o que queirades).
- Poñer a data e o voso nome.
- Meter dentro todo o que queirades gardar na cápsula do tempo.
- Cando a teñades lista, buscade un lugar secreto para agochala.

Agora só queda esperar que todo isto pase. Poida que algún día, dentro dun tempo, a atopedes de novo por sorpresa, ou a busquedes e a cápsula seguro que xa será tan só o recordo dunha experiencia que ben seguro nunca esqueceremos.



Imaxe sacada do blog “A nosa escola”

• BANDEXA DE SAL

Esta proposta que está no recanto das letras, encántalle a todos os nenos e nenas. É unha bandexa de sal na que poden practicar diferentes letras (agora que xa saben as maiúsculas, preferiblemente practicarán as **minúsculas**) ou **grafismos** que os preparan para a escritura.

É moi fácil facela na casa, só tedes que poñer nunha bandexa unha pouca fariña, ou pan rallado, ou sémola, ou sal... e xa está!!! A practicar!!! Poden practicar de maneira **dirixida** visualizando as letras minúsculas e/ou os grafismos e tamén deixalos **experimentar libremente**, que adoita ser o que máis lles gusta.



Déixovos no documento **adxunto** "**GRAFISMOS**", que podedes **descargar** xunto a este, exemplos de diferentes grafismos que poden practicar, e a continuación déixovos a casiña das **letras minúsculas**.

A CASIÑA DAS LETRAS MINÚSCULAS

a	b	c	d	e	f
g	h	i	j	k	l
m	n	ñ	o	p	q
r	s	t	u	v	w
x	y	z			

A maiores, a parte de traballar o documento que descargástedes de “**grafismos**” poden aproveitar para debuxalos en **papel**. Déixovos dous exemplos de como poden facer:

1. Debuxar no centro do folio a súa man, e dividir este en varias seccións. En cada unha delas debuxarán un grafismo diferente:



2. Dividir o folio en varias seccións. En cada unha delas debuxarán un grafismo diferente:



(Ambas imaxes son sacadas da páxina web Pinterest)